

DATOS SOBRE DAS ACTITUDES DO PROFESORADO GALEGO DE E. X. B.ⁱ

Comunicación presentada nas *Segundas Xornadas de Bilingüismo* organizadas polo ICE da Universidade de Compostela (xullo 1975).

Xulián Maure

LIMIAR

Unha boa programación para a FORMACIÓN DO PROFESORADO precisa ter presente os datos dunha avaliación inicial e, por outra banda, uns obxectivos moi claros. Entre estes non pode estar ausente o que poderíamos formular da seguinte maneira: que os futuros profesores de EXB teñan un coñecemento interdisciplinar dos problemas lingüísticos dos seus alumnos. Acadar este obxectivo permitiralles dar unha resposta persoal a preguntas como as que seguen: quen finanza a Alianza Francesa, e por qué; que ten de malo poñer nunha tarxeta de identidade “Uxía” para que obriguen a poñer “Eugenia”; por qué os rapaces galegos caen nun mutismo xeral os primeiros anos da escola...

Este obxectivo ven remediar a visión meramente lingüística do complexo problema da comunicación humana. A perspectiva lingüística é moi limitada. Xa se ten dito que o lingüista ten unha deformación profesional onde a árbore da estrutura interna das linguas non lles deixa ver a frondosa foresta da creación e da comunicación verbal tan vencellada co pensamento e á vida dos pobos.

As follas que seguen ofrecen, con certas limitacións, algúns datos para unha avaliación inicial das actitudes dos escolantes galegos ante o problema do ensino en galego. Ofrecen tamén, partindo dos mesmo datos, unhas referencias ás realidades políticas e sociais que axudarán a formar unha visión máis cumprida e unha solución máis atinada.

VALOR DOS DATOS

Os poucos datos que temos e que decote se citan sobre da situación lingüística de Galicia semellan case que contraditorios e con frecuencia mediatizados polos intereses de quen os usan. É preciso insistir na calidade científica de cada número, para non programar partindo da imaxinación, senón da realidade.

A maneira de exemplo pódese ver a non coincidencia de dous traballos ben recentes: *Educación rural en Galicia*, investigación levada a cabo polo I.C. E. de Santiago de Compostela, e *Las familias de la provincia de Pontevedra en 1974* de Margarita Ayesterán y Justo de la Cueva, investigación financiada polo Instituto de Ciencias de la Familia, Sevilla.

Do primeiro traballo collo a cita feita en AA.VV. (1974) *Primeras Jornadas de trabajo sobre el bilingüismo* (Santiago de Compostela), ICE, Universidade de Santiago de Compostela, páxina 42.

“Por provincias el uso del gallego como lengua familiar es de un 41% en La Coruña, 57% en Lugo, 50% en Orense y 17% en Pontevedra”

Fronte a este feble 17%, a segunda investigación, que ten unha marxe de erro de máis menos 4,1%, di que “el 76% das amas de casa de la provincia de Pontevedra usan el gallego para hablar en casa” (p. 59).

As consecuencias de partir do primeiro ou do segundo traballo son claras. Cando non temos unha garantía científica dos datos que nos mostran hai que rexeitalos, agás que sexan parellos ou semellantes a outros datos ben coñecidos e comprobados.

DATOS DA EDITORIAL CINCEL

Coa data 30 de abril de 1974 Editorial Cincel mandou a tres mil mestres de Galicia unha enquisa “queriendo conocer de un modo directo su opinión respecto del fenómeno bilingüe gallego”. As preguntas fundamentais foron as seguintes:

1ª.- “¿Qué porcentaje de alumnos de ese centro cree Vd. que habla gallego con sus padres?” Resposta: 85%.

2ª.- “Cree Vd. que facilitaría el aprendizaje de los niños de ese centro de 1º y 2º de EGB textos bilingües en gallego y en castellano?” Resposta: Si (43,18%) Non (56,82%).

3ª.- “Entre las diversas áreas existentes señale aquellas en las que a su juicio, interesaría un texto en gallego”

En lingua (80,69%)

En sociais e naturais (60,22%)

En relixión (47,72%)

En plástica (27,27%)

En matemáticas (25%)

En ningunha (6,81%)

Habemos de ter en conta o reducido valor destes datos se os tomamos illados, xa que dos tres mil mestres enquisados soamente responderon oitenta e oito, o que supón un nada representativo 2,93%. Con todo son datos aproveitables por ter algunha coincidencia cos datos das enquisas seguintes feitas cun meirande rigor.

Desta enquisa cómpre destacar os seguintes datos:

- O 85% dos nenos falan galegos cos pais.
- O 56% dos mestres rexeitan o libro bilingüe.

- O 80% teñen interese por un libro de lingua en galego
- Soamente o 6,81% non ten interese en ningún libro en galego.

DATOS DE EDICIONES ANAYA

Como iniciador e responsable do departamento de lingua galega de Ediciones Anaya fixen dúas enquisas para coñecer as actitudes dos escolantes galegos ante a incorporación da lingua galega no ensino. A primeira no mes de maio de 1974 cunha mostra dos mestres galegos. A segunda fíxena ó ano seguinte con toda a poboación de estudantes de terceiro curso das escolas universitarias de Formación do Profesorado de EXB, agás a escola ourensana.

PRIMEIRA ENQUISA

PROCEDEMENTO

Tendo presente que a poboación de mestres de EXB en Galicia era en 1974 de 12.447, montouse unha mostra de 1.125 coas seguintes cotas.

	CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	TOTAL
Escolas unitarias	140	116	116	55	527
Grupos < 6 unidades	26	25	25	55	131
Colexios nacionais	124	30	30	121	305
Privados < 6 unid.	40	20	20	49	129
Privados > 6 unid.	44	20	20	49	133
TOTAL	374	211	211	329	1.125

Así mesmo se estratificou a mostra tendo en conta as categorías “home” (40%) e “muller” (60%), e as distintas idades: menores de 35 anos (50%), de 35 a 49 anos (25%), de 50 a 64 anos (20%) e os maiores de 65 (5%).

O traballo de campo seguiu un método mesturado: entregouse a cada entrevistado o material en man e as respostas recibíronse por correo. A aplicación da enquisa nas provincias da Ourense e A Coruña obedeceu ó tipo de mostraxe chamada semialeatoria. Nas provincias de Pontevedra e Lugo fíxose unha mostraxe por conglomerados.

Recibíronse 344 contestacións (30,57% das 1.125 solicitadas) das que seis foron anuladas por estar mal cubertas. Así quedaron como válidas 338 (30,04%). Esta

porcentaxe non é pequena para unha enquisa de tipo postal. Ademais queda reforzada tendo en conta que as respostas gardan proporción coas cotas fixadas de antemán. Non é aventurado pensar que moitas abstencións se deben máis ben á pouca praxe da poboación galega nestes traballos e ás datas de fin de curso en que se fixo a enquisa, que a unha posición contraria ó tema preguntado. Feitas todas as correccións, no peor dos casos, a marxe de erro está nun 9,5%.

RESULTADOS

A poboación de mestres de EXB que responderon a enquisa repártese deste xeito:

1.- Por razón da orixe:

- Non galegos	04,14%
- De zona rural	42,60%
- De zona semiurbana	21,01%
- De zona urbana	32,24%

2.- Segundo as idades:

- Menores de 35 anos	53,23%
- De 35 a 49 anos	26,62%
- De 50 a 64 anos	17,15%
- Maiores de 65 anos	03,01%

3.- Segundo o coñecemento que afirman ter do idioma galego:

- Entenden o galego falado	92,30%
- Pódeno falar	76,62%
- Pódeno ler	77,21%
- Pódeno escribir	26,92%
- Coñecemento lingüístico	07,39%
- Non responden	07,69%

Para medir as actitudes dos mestres ante o ensino en galego presentáronselles as seguintes preguntas.

1.- Segundo a túa opinión, que tanto por cento dos mestres galegos están dispostos a dar escola en galego cando este é o idioma dos nenos?

RESPOSTAS

- Menos do 20%	41,71%
- Do 20 ó 50%	36,09%
- Do 50 ó 70%	12,13%

2.- ¿Qué estudos se deben facer na lingua materna cando non coincide coa oficial?

RESPOSTAS

Todos	19,23%	19,23%
Ata 8º de EXB	16,56%	35,79%
Ata 4º de EXB	21,40%	57,19%
Ata 2º de EXB	15,79%	72,90%
Preescolar	12,23%	85,21%
Ningún	14,23%	14,23%

-

Atendendo á categoría de idades é onde atopamos unha das meirandes desviacións da media. Os mestres de máis de 65 anos, que xa daban escola en tempos da República e que seguiron sendo mestres, dan a respostas máis favorable ó ensino en galego. Pola contra, a opinión máis desfavorable está representada polos escolantes que teñen de 35 a 49 anos. Comparemos.

	Máis de 65	De 49 a 64	De 35 a 49	< 35 anos
Todos	60,00%	22,41%	13,30%	18,88%
Ata 8º de EXB	71,10%	36,16%	27,70%	37,43%
Ata 4º de EXB	82,20%	49,91%	46,50%	64,25%
Ata 2º de EXB	93,30%	67,61%	59,88%	80,77%
Preescolar	100%	84,60%	77,50%	89,26%
Ningún	0,00%	17,24%	22,22%	10,55%

Separando os mestres segundo o coñecemento que teñen da lingua galega e xuntando as porcentaxes en dous grupos segundo se refiran ós tres niveis superiores (4º EXB-Todos) ou ós tres inferiores (2º EXB-Ningún) temos a seguinte táboa:

	Defenden o ensino do galego ata 4º EXB ou ata o final	Limitan o ensino do galego ata 2º EXB ou nada
Entenden o galego falado	32,68%	66,30%
Len e falan galego	51,53%	48,44%
Escriben en galego	71,78%	28,29%
Con coñecemento lingüístico	88,00%	12,00%

Vemos que a maior coñecemento da lingua galega corresponde unha opinión máis acorde co ensino feito na lingua materna.

3.- ¿Cando un neno chega por primeira vez á escola qué áreas se farán na lingua materna?

RESPOSTA

- Todas as áreas	56,50%
- As de expresión	25,44%
- As de experiencia	07,39%
- Ningunha	11,24%

O grupo que rexeita o galego -lingua materna- na escola resultou máis pequeno na resposta desta terceira pregunta; soamente un 11,24% fronte a un 14,23% da segunda pregunta.

4.- ¿Cando ten que estudar o idioma oficial quen ten unha lingua materna distinta?

RESPOSTAS

Antes de estudar a lingua materna	9,75%
Ó mesmo tempo as dúas linguas	77,51%
Despois de estudar a lingua materna	13,01%

En xeral son máis favorables ó ensino en galego os homes que as mulleres; os máis novos de 35 anos e os maiores de 65 que os das idades intermedias de 36 a 64 anos; os que teñen maior coñecemento do idioma que os que o descoñecen.

Desta primeira enquisa, que ben pode servir para un estudo d mercado, non paga a pena tirar moitas conclusións das interrelacións de categorías e variantes, xa que a marxe de erro non é pequena. Con todo o simple reconto das respostas é ben de fiar e resultará abondo operativo. Para salvar estas limitacións realicei unha segunda enquisa onde a marxe de erro podemos dicir que é nula.

SEGUNDA ENQUISA

PROCEDEMENTO

Para facer esta nova enquisa eliximos ós alumnos do terceiro curso das Escolas Universitarias de Formación do Profesorado de EXB que hai en Galicia. É unha poboación fácil de atopar xunta e, por outra banda, a maioría deles poderán traballar como mestres o vindeiro curso 1975-76.

Por razóns de tempo non foi posible facer a enquisa na Escola de Ourense. Fíxose nas restantes do país, nas de Coruña, Santiago, Lugo, Pontevedra e Vigo.

Como a asistencia dos alumnos a clase non é completa, temos que ter en conta a inasistencia que houbo os días en que se presentou a enquisa nas diferentes Escolas Universitarias. Estas pequenas fallas non repercuten no resultado do noso traballo por ser un fenómeno do máis aleatorio con referencia a presente enquisa.

Unha vez xuntos os estudantes, se lles entregaba a folla titulada Encuesta sobre la lengua vernácula en Galicia onde tiñan que indicar as respostas elixidas para as preguntas que se proxectaban nunha pantalla.

RESPOSTAS

Pregunta 1ª.- Lugar de nacemento:

Fóra de Galicia	08,79%
Zona rural galega	35,71%
Zona semiurbana	17,03%
Zona urbana	38,40%

Pregunta 3ª.- Natureza: muller (59,34%) e home (40,66%)

Pregunta 7ª.- ¿Qué coñecemento tes da lingua galega?

Ningún	0,54%
Só entendo o galego falado	99,42%
Pódoo ler	86,80%
Pódoo falar	78,01%
Seino escribir	51,64%
Teño coñecemento lingüístico	29,12%

Pregunta 9ª.- Indica o político do noso tempo que coides máis honesto.

Non sei opinar	33,51%
Ningún é honesto	24,73%
Un político de esquerdas	13,73%
Un político de centro	11,53%
Un político de dereitas	14,83

Pregunta 10ª.- Indica o meirande problema do ensino en Galicia

Os mesmos que no resto de España	07,14%
Concentracións a moita distancia	11,53%
Emigración dos pais	15,93%
Escola en castelán	44,50%
Malas comunicacións	07,69%
Pouca asistencia dos nenos á escola	03,84%
Fallos da Administración	03,29%
Fallos pedagóxicos dos mestres	01,09%
Represión cultural	03,84%

Pregunta 11ª.- ¿Qué estudos se deben facer na lingua materna cando non coincide coa oficial?

Ningún	03,29%	03,29%
Só a lingua materna como materia	13,73%	96,09%
Todo na lingua materna só en preescolar	07,14%	82,39%
Idem ata 2º de EXB inclusive	08,79%	75,22%
Idem ata 4º de EXB inclusive	16,49%	66,43%
Idem ata 8º de EXB inclusive	19,74%	49,95%
Idem ata rematar a carreira	30,21%	30,21%

Pregunta 12ª.- ¿Estás disposto a dar clases en galego con alumnos galegos?

Resposta: SI (89,58%), NON (9,89%)

Pregunta 13ª.- ¿Qué porcentaxe dos teus compañeiros de curso coidas que están dispostos a dar clases en galego?

Menos do 20%	06,04%	ACUMULADOS
Do 20% ao 39%	10,90%	93,32%
Do 40% ao 59%	24,74%	82,42%
Do 60% ao 79%	24,72%	57,68%
Máis do 80%	32,96%	32,96%

Pregunta 14ª.- ¿Qué repercusión ten a escolarización nun idioma distinto do materno?

Ningunha	02,74%
Agudiza o enxeño do neno	02,19%
Crea complexos de inferioridade	42,85

Facilita a aprendizaxe doutras linguas	10,43%
Baixa o coeficiente intelectual	12,08%
Dificulta a aprendizaxe do mesmo idioma escolar	21,97%
Ten repercusións de tipo psíquico	04,94%
Ten repercusións de tipo social	0,00%
Ten repercusións de tipo cultural	02,19%

Pregunta 15ª.- ¿Cando ten que estudar o idioma oficial quen ten unha lingua materna distinta?

Antes de estudar a lingua materna	02,19%
Cando teña certo dominio da lingua materna	17,03%
Ó mesmo tempo que estuda a lingua materna	46,15%
Cando domine ben a lingua materna	33,51%

CONCLUSIÓN DESTA ENQUISAS

Moitos son os números que temos cos resultados destas enquisas, maiormente da segunda, da que o centro de cálculo nos deus dúas matrices de 74 por 74, o que supón máis de dez mil datos. Moitas son tamén as interrelacións de doado estudo, e sempre de grande interese, que poderemos ofrecer ós interesados nos días que duren estas segundas xornada de traballo sobre o bilingüismo.

Aquí soamente tirarei algunhas conclusións que, dende a miña visual de home da rúa, coido interesantes para os profesionais da lingüística, da socioloxía, da psicoloxía e da pedagogía.

1.- Quedou moi claro que hai máis mestres dispostos dos que eles mesmo pensan. O 89,58% dos futuros mestres están dispostos a daren clases en galego; pero máis do 40% pensan que os seus compañeiros dispostos a ese traballo non chegan a un 60%.

Esta situación pode ser índice dos poucos medios de comunicación social usados polos mestres a nivel profesional, o que supón unha falla de conciencia colectiva sobre este problema.

Todo isto habemos de telo presente ó ler as respostas á primeira pregunta da primeira enquisa, onde só un 7,78% pensan que estarían dispostos a dar clase en galego máis do 70% dos mestres de Galicia.

2.- Os datos aquí xuntos lévannos a unha visión política do problema. Os que pensen que está fóra de lugar esta visión ou que se trata dunha manipulación dos datos, que acade aclarar doutro xeito o porqué das seguintes constatacións.

A.- As mulleres –sempre máis conservadoras- baixan sempre moito a media das respostas máis favorables ó galego. Vexamos como exemplo a pregunta 11ª. Dos que limitan o ensino á disciplina de galego o 80% son mulleres e o 20% homes. Dos que piden galego ata rematar a carreira o 43% mulleres e o 56% homes.

B.- Estudando as respostas á pregunta 9ª e a súa incidencia nas outras, vese como os que non saben opinar en política e os que coiden máis honrado un político de dereitas, son en xeral os grupos menos favorables ó ensino en galego.

C.- As xeracións maiores, que viviron unha realidade anterior ó 1936, e as máis novas, xa moi distanciadas desa data, defenden o ensino en galego e están máis preparadas cás xeracións do medio.

D.- Os lectores de revistas como *Cambio16*, *Triunfo* e *Cuadernos para el Diálogo*, son máis partidarios dun ensino feito na lingua materna que os asiduos de *Hola*, *Garbo*, *Lecturas* e *Mundo Cristiano*.

Antes de rematar hei de comunicarlles o meu temor sobre a eficacia que poida ter o presentar aquí uns datos da realidade sociolingüística de Galicia. A recente experiencia móstranos que son distintos os intereses da Administración e os das minorías nacionais. Os especialistas cataláns ofreceron a súa investigación e pescuda científica ó Sr. Ministros de Educación y Ciencia, e, a vista do raquíptico decreto que regula a incorporación das linguas nativas nos programas de EXB, hei de pensar que moi pouco caso lle fixeron.

Unha investigación que está condenada a ver os seus froitos rexeitados polos intereses dunha minoría ben levada coa Administración, ten que buscar a eficacia do seu traballo por outros vieiros. De non facelo ponse ó servizo da minoría colonizadora, perdendo a súa liberdade e a súa mesma razón de ser.

Coido que os datos aquí ofrecidos e o obxectivo indicado poden ser útiles na hora de programar a formación do profesorado galego.

ⁱ Estas enquisas feitas nos anos 1974 e 1975 son dos primeiros traballos en medición de actitudes do profesorado ante a situación lingüística de Galicia, onde había unha única lingua oficial que non era a lingua natural da maioría dos alumnos.

Aínda que este traballo e o resto das colaboracións das II Jornadas de trabajo sobre el bilingüismo non viron a luz, como estaba previsto, nunhas actas semellantes ás das Primeras jornadas de trabajo sobre el bilingüismo, ICE de la Universidad de Santiago, Santiago de Compostela, é unha satisfacción para min ver como o organizador das xornadas, o profesor Guillermo Rojo, a quen facilitei todo o material que eu elaborara, puido publicar catro anos máis tarde a súa obra *Aproximaciones a las actitudes lingüísticas del profesorado de E. G. B. en Galicia*, onde vexo incorporadas nun cuestionario de corenta e oito preguntas as quince que eu formulei neste traballo. Agradézolle desde aquí as súas palabras de recoñecemento, en conversa privada, que recolle o sociolingüista Gabriel Rei Doval: “Ce qui m’a décidé a travailler sur les attitudes a été le fait que, à ce moment-là, Xulián Maure, qui était alors chez l’éditeur Anaya, [...] s’est mis à élaborer des questionnaires pour les instituteurs. Ce fut pour moi, probablement, le facteur déterminant” (Rei Doval, Gabriel.- «Matériaux pour une histoire de la sociolinguistique galicienne: antécédents et études macrosocilinguistiques empiriques (1967-1997)» en *LENGAS*, 47, 2000, p. 176)